



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

**CEIP SAN FRANCISCO JAVIER**

Código do centro 15025025

Ronda de Outeiro 72

15009 A Coruña

881960980 881960987

ceip.sanfrancisco@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsanfrancisco/>

galicia

# PLAN DE CONTINXENCIA

## ÍNDICE

1. Actuacións previas diante da aparición dun abrocho.
2. Medidas para facer efectivo o ensino a distancia
3. Medidas para o regreso as aulas despois dun abrocho.
4. Planificación horaria de traballo do profesorado do grupo co alumnado
5. Protocolos de actuación no caso de peche parcial.
6. Protocolos de actuación no caso de peche total
7. ANEXO I
8. ANEXO II

Elaborado segundo o Protocolo De Adaptación ao Contexto da Covid 19 nos Centros de Ensino Non Universitario De Galicia Para O Curso 2020/ 2021, o centro educativo elaborará un “Plan de Continxencia” no que se establecerán a medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria. Trátase dun plan modificable en función da evolución epidemiolóxica-

O presente documento ten por obxecto desenvolver de acordo co Protocolo citado así como do Plan de Adaptación Covid 19 do CEIP San Francisco Javier as medidas axeitadas e os procesos requeridos para a educación a distancia e para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

## 1. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliar por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.  
No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará co centro de saúde de referencia do alumno/a dentro das seguintes 24 horas e con algunha das persoas membros do equipo Covid á maior brevidade posible.
2. Se algunha persoa do núcleo familiar convive cunha persoa cun diagnóstico positivo da COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan coa persoa positiva non poderán acudir ao centro, en virtude de ser considerados contactos estreitos.

Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa COVID (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado, pero non será necesario que garden corentena no domicilio, podendo acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo.

3. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráse unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.
4. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.
5. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
6. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
7. No caso de comunicación ao centro educativo por parte do seu persoal ou de algún alumno/a da aparición dun caso confirmado, o equipo COVID do centro incluírá a información dos posibles contactos estreitos do afectado/a, entre eles o compañeiros/as de aula, os máis próximos dentro da mesma e o profesorado que imparte clase nese grupo, os compañeiros/as do transporte e do comedor escolar, os compañeiros do transporte particular no que viaxan varios nenos do centro, así como aquela información sobre outros contactos vinculados ao centro educativo que poidan achegar voluntariamente os pais, nais ou titores/as legais. Esta información facilitarase sempre por petición de sanidade a través de EduCovid. O rastrexo doutros eventuais contactos doutros ámbitos, incluídos os das actividades extraescolares terán que ser recollidos polo SERGAS. A mesma información será remitida cando o CSC, o SERGAS ou a xefatura territorial da consellería de Sanidade solicite información no caso de que exista casos sospeitosos por sintomatoloxía compatible con COVID-19 que estean a ser investigados ou nos que existan indicios de que teñan xurdido no centro educativo.
8. No caso de que o Centro de Seguimento de Contactos (CSC) teña confirmación dun caso positivo dunha persoa que sexa alumno/a dun centro escolar ou dun profesional que traballe no mesmo, incluírá a información na aplicación informática onde solo resultara visible para o equipo COVID do centro escolar.
9. A base de lexitimación legal para o intercambio de datos ten como fundamento o interese xeral na protección da saúde, polo que os datos do alumnado subministrados con consentimento dos representantes dos menores que obra nas bases de datos da Consellería de Educación poderán ser subministrados á autoridade sanitaria en cumprimento do deber de colaboración.
10. O equipo COVID de cada centro ten a obriga de segredo profesional sobre os datos sobre os que teña coñecemento por mor da aplicación do presente protocolo.

- Para comezar a identificación de contactos estreitos relacionados co centro educativo o antes posible, recomendase que o caso confirmado ou a persoa de referencia notifique o resultado positivo ao centro. Deste xeito, o Equipo Covid poderá comezar a recompilar a información necesaria para a identificación dos contactos estreitos.

- Sempre que ao Equipo Covid se lle notifique que existe unha persoa cun diagnóstico confirmado de COVID-19 no centro de ensino, deberá pórse en contacto coa Central de seguimento de contactos (CSC) para identificar os contactos estreitos do ámbito educativo.

- Como ocorre con calquera outro caso confirmado de COVID, a CSC porase en contacto co caso confirmado ou coa persoa de referencia, para facilitarlle as indicacións de illamento, realizar a enquisa epidemiolóxica e identificar os contactos estreitos do ámbito persoal do caso. Durante esta enquisa epidemiolóxica identifícase ao caso confirmado como estudante ou traballador dun centro de ensino. Deste xeito, unha vez localizado o centro, a CSC envía unha notificación ao Equipo Covid, a través da aplicación EduCOVID solicitando os contactos estreitos do caso que se produciran no ámbito educativo.

- Neste momento, se previamente non se fixo, o Equipo Covid deberá pórse en contacto coa CSC .

- Sempre será a CSC a que cargará a petición de contactos en EduCOVID, para o que identificará ao caso coa correspondente IdOrixe. Se a CSC atopa dificultades para localizar ao caso no centro concreto, facilitaralle a IdOrixe ao Equipo Covid e pediralle que realice a súa carga en EduCOVID. En ningún caso se notificarán contactos estreitos por medios diferentes a EduCOVID.

- O persoal da CSC axudará ao Equipo Covid a identificar e elaborar a listaxe de contactos estreitos do caso. Estes contactos estreitos poderán seleccionarse da “Rede de contactos” proposta por EduCOVID, na que se inclúen compañeiros de clase, de comedor, de transporte, profesorado e outros (coma os recreos, etc...). Para esta determinación terase en conta o previsto no Anexo I BIS.

- Existe a posibilidade de que algún contacto estreito do caso non se atope dentro desta rede de contactos, polo que o Equipo Covid deberao incorporar de forma manual. Unha vez definida a listaxe de contactos estreitos que precisan corentena, e tras ser acordada co persoal asignado da CSC, o Equipo Covid enviará a listaxe de contactos estreitos á CSC a través da aplicación EduCOVID. No caso de que, conxuntamente coa CSC, non se identifiquen contactos estreitos no centro, premerase igualmente o botón “Notificar a Sanidade” sen seleccionar a ningunha persoa. Deste xeito, o estado do expediente pasará de “Petición de contactos” a “Contactos comunicados”, coa correspondente traza temporal.

- No descrito previamente asúmese que, se é o Equipo Covid quen lle notifica á CSC que no centro existe unha persoa cun diagnóstico confirmado de COVID-19, a CSC pode verificar esta información. Pode ocorrer que á CSC aínda non dispoña da información necesaria para facelo, polo que nesta circunstancia procederase do xeito seguinte:

1. Unha vez recibida a notificación, á CSC axudará a buscar indicios que verifiquen que se trata dun caso confirmado de COVID. Se hai información abondo, ou non é posible desbotar a información como resultado dun erro, o Equipo Covid cargará o caso en EduCOVID co IdOrixe 0000. Isto indicará que o caso aínda non está verificado.

2. Despois, procédese a identificar aos posibles contactos estreitos coma en calquera outro caso confirmado e gárdanse, pero non se notifican. Deste xeito, á CSC non lle chegará a listaxe de contactos estreitos e será a persoa directora do centro quen adiante esta información aos posibles

contactos estreitos (a eles e só a eles). A dirección informará ás persoas afectadas que, conxuntamente coa CSC, determinouse que moi probablemente son contactos estreitos dun caso confirmado de COVID-19, polo que deben quedarse na casa en corentena.

3. Entre tanto, o resultado positivo chegará á CSC e haberá unha IdOrixe válida. Nese momento, a CSC chamará ao centro e facilitaralle esta IdOrixe, para que o Equipo Covid modifique o Id 0000 polo IdOrixe real. Unha vez feito isto, o centro educativo notificará a listaxe de contactos estreitos a través da aplicación e procederase de forma habitual, onde a CSC chamará aos contactos estreitos para enquisalos e iniciar o seguimento.

En todo este proceso, esixirase extremar a confidencialidade profesional acerca da información da persoa diagnosticada da COVID.

Tras a aparición dun caso confirmado da Covid-19 seguiranse, en todo momento, as instrucións Da Autoridade Sanitaria. A CSC encargarse da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos.

11. As persoas que teñan diagnóstico confirmado terán obriga de illamento durante 10 días.

As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado deberán entrar en corentena, estando illados nos seus domicilios e suspenderán, mentres dure esta, a asistencia ao centro por un período de 10 días, e sempre de acordo coas indicacións das autoridades sanitarias

12. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

13. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

- ◆ A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.

- ◆ Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

14. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

15. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación do Plan de Continxencia ante peches aprobado pola Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021, que desenvolve as medidas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.

## 2 . MEDIDAS PARA FACER EFECTIVO O ENSINO A DISTANCIA

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual e espazo web.

O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

O equipo COVID coa colaboración de titores-as identificará ao alumnado con problemas de conectividade ou falta de equipamento. Para isto, na ficha de alumno-a de actualización de datos, incorporaremos esta cuestión ás familias para saber a situación de partida.

- ◆ Dispón de conexión a internet na casa?
- ◆ Dispón de ordenador, tablet e/ou Smartphone?
- ◆ O alumno-a dispón dun equipo que lle permita seguir unha clase individualmente durante o horario establecido de mañán (non podería compartilo con irmáns, dado que poden coincidir en horario de clases)

No inicio do curso, todo o profesorado, concretará coas familias e alumnado, que recursos telemáticos se utilizarán en caso de educación a distancia, traballando, de ser posible pola idade, a competencia do alumnado para achegarse ao sitios virtuais onde estarán as tarefas e as formas de interactuar. Asimesmo, ensinará na aula o acceso á aula virtual para que poida realizalo autónomamente no seu domicilio en caso de confinamento.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

### EDUCACIÓN INFANTIL

- Comunicación coas familias por Abalar Móbil e/ou telefónicamente ou videochamadas.
- Existencia dun correo electrónico para o envío bidireccional de tarefas, ou tamén o apartado de cada curso na web do cole. (decidirá o equipo de nivel)
- Utilización de videochamadas por Cisco Webex ou [FALEMOS EDU](#) para o reforzo e vínculo emocional e posibilidade de tarefas. (necesario contar coa presenza da familia) unha sesión semanal en grupos reducidos, ca metade da clase.

### 1º EDUCACIÓN PRIMARIA

- Comunicación coas familias por Abalar Móbil e/ou telefónicamente ou videochamadas.
- Existencia dun correo electrónico para o envío bidireccional de tarefas, ou ben utilización da Aula Virtual do colexio, ou tamén o apartado de cada curso na web do cole.  
(decidirá o equipo de nivel)
- Utilización de videochamadas por Cisco Webex ou [FALEMOS EDU](#) para o reforzo e vínculo emocional e posibilidade de tarefas. (necesario contar coa presenza da familia) unha sesión (50 minutos)diaria en grupos de 12/13 .
- Horarios: 12:30 a 13:00 h (primer turno)
- Horarios: 13:00 a 13:30 (2º turno)

### 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

- Comunicación coas familias por Abalar Móbil e/ou telefónicamente ou videochamadas.
- Existencia dun correo electrónico para o envío bidireccional de tarefas, ou ben utilización da Aula Virtual do colexio, ou tamén o apartado de cada curso na web do cole.  
(decidirá o equipo de nivel)
- Utilización de videochamadas por Cisco Webex ou [FALEMOS EDU](#) para o reforzo e vínculo emocional e posibilidade de tarefas. (necesario contar coa presenza da familia) unha sesión (50 minutos) diaria.
- Horarios: 12:30 a 13:20

### 3º e 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

- Comunicación coas familias por Abalar Móbil e/ou telefónicamente ou videochamadas.
- Utilización da Aula Virtual do colexio para a educación a distancia. (tarefas, recursos,presentación de tarefas, etc)
- Utilización de videochamadas por Cisco Webex ou [FALEMOS EDU](#) no horario espello establecido.
- **A asistencia do alumnado é obrigatoria**, as faltas de asistencia deberán ser xustificadas.
- Deben aproveitarse as clases e respetar as normas de convivencia.

### Orientación -Reforzos e apoios: PT- AL

A Orientadora, coa colaboración de titores-as e xefa de estudos, fará unha distribución dos recursos existentes para atender ao alumnado que precise reforzos e apoios. - O profesorado utilizará, sempre que sexa posible, Cisco Webex videoconferencia ou [FALEMOS EDU](#) para apoios individuais ou pequeno grupo. Tamén aula virtual, na que se habilitará un espazo en cada clase para a atención á diversidade onde poidan subir (recursos, tarefas) e recibir tarefas . Tamén se poderán realizar chamadas telefónicas, correo electrónico,... sempre en coordinación co profesorado titor.

- Notificarase á Orientadora o alumnado desconectado e os aparentes motivos.

O/a orientador/a do centro educativo, no horario establecido pola dirección do centro, velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade, coordinará a atención ao alumnado NEE por parte do persoal adscrito ao departamento de orientación, realizará as correspondentes reunións telemáticas para o desenvolvemento e seguimento do Plan de Acción Titorial, realizará as súas funcións,

establecidas no artigo 6 do Decreto 120/1998, do 29 de abril, empregando as distintas ferramentas dixitais, ben a demanda dos titores/as ou dos pais/nais ou titores legais do alumnado

O traballo do profesorado do grupo co alumnado , reflectirá na medida do posible o establecido no modo presencial, a fin de que se manteña o vínculo co alumnado do xeito máis coherente posible.

A asistencia do alumnado é obrigatoria, así como o aproveitamento e sometimento ás normas de convivencia.

En caso de que durante o peche ou confinamento, parte do profesorado afectado se atope de baixa, será o equipo docente na seguinte orde quen atenda ó grupo:

- compañeiro-a de nivel, de estar de baixa este.
- profesor-a do DO
- Profesorado especialista

Contarán co apoio da persoa coordinadora TIC, quen dispoña provisionalmente de recursos formativos ao alumnado ata a incorporación de persoal de substitución ou a alta do/a docente.

A dirección do centro, a través da xefatura de estudos, requirirá ao final de cada semana unha relación de actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido, de acordo co modelo que se achega como ANEXO II

- O profesorado deberá conectarse a través dos servizos dixitais educativos corporativos, á hora que se establece no correspondente cadro horario diario incorporado neste Plan de Continxencia.
- O profesorado incorporará no espazo da aula virtual do seu curso a ligazón e o horario ó que deben conectarse.
- O proceso de ensino aprendizaxe durante a formación a distancia deberá seguir as normas establecidas para o ensino presencial, coas adaptacións que procedan motivadas pola metodoloxía empregada.
- O titor informará aos pais do alumnado menor de idade e ao alumnado maior de idade das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe, así como do control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos, que realizará diariamente o profesor mediante as ferramentas habituais, e das súas consecuencias no proceso de avaliación que o equipo docente ten establecido na súa programación didáctica.
- Realizar simulacións periódicas que permitan ter establecidos os protocolos de actuación no caso de peche.
- Dar a coñecer ás familias estes protocolos.
- Manter actualizadas as necesidades de recursos dixitais en coordinación coa Inspección educativa.

- O mesmo día do peche a dirección do centro enviará unha comunicación a través de abalarMóbil e publicará unha nova na web do centro. O profesorado habilitará os recursos e as actividades iniciais e trasladará orientación ás familias, especialmente dos alumnos de menor idade, nestas mesmas canles.
- A información sobre os distintos servizos educativos dixitais está dispoñible no seguinte enderezo <https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/servizos-dixitais>.

O mesmo día do peche, os centros, no caso de dispoñer de recursos tecnolóxicos, afrontarán as necesidades máis urxentes dos alumnos. Se non é así, ou non teñen recursos suficientes, trasladarán con urxencia á Inspección Educativa mediante correo electrónico as necesidades que quedaran sen cubrir. A inspección dará traslado destas necesidades aos servizos centrais para facilitar a súa cobertura inmediata

A administración educativa garantirá o dereito á educación e a súa equidade. A tal fin disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise de acordo co seguinte protocolo:

a. O mesmo día da corentena ou do peche os equipos directivos afrontarán cos seus propios recursos tecnolóxicos, no caso de dispoñer deles, as necesidades TIC máis perentorias do centro. Esta primeira intervención poderá ser apoiada polos CFR baixo a coordinación da xefatura territorial.

b. Unha vez atendidas as necesidades iniciais as direccións dos centros trasladarán con carácter de urxencia por correo electrónica á inspección educativa as necesidades priorizadas de equipos que quedaran sen cubrir. A inspección dará traslado destas necesidades aos servizos centrais para facilitar a súa cobertura inmediata.

c. Adoptaranse criterios unificados que dependerán da extensión e alcance do peche e, polo tanto, das necesidades en cada mometo. Os equipamentos entregaranse ao centro educativo que será o responsable da organización da entrega ás familias e posterior recollida.

d. Todas as familias que reciban equipamento público deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose do dito material segundo o modelo que se atopa dispoñible como Anexo II e que se atopa disponible no portal educativo. Aos efectos de axilizar o proceso ante un posible peche as direccións dos centros educativos recadarán de inmediato os documentos de cesión de equipamento debidamente asinados polas familias que puideran precisar este equipamento. Chegado o eventual peche darán traslado dos documentos de cesión asinados para a recepción do equipamentos correspondentes.

e. O material solicitado aos servizos centrais será repartido coa máxima celeridade por AMTEGA.

f. Unha vez superada a situación de confinamento ou peche o centro educativo, no prazo máximo de 3 días deberá recompilar todos os equipos cedidos para ser logo recollidos por AMTEGA.

g. Cando foran repartidos todos os equipamentos necesarios e dispoñibles ás familias, o titor-a do grupo, organizará unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias, no que se fará un repaso polo funcionamento da aula virtual e se resolverán dúbidas das familias.



Para preparar esta reunión poderá contarse co apoio do CFR ou a asesoría Abalar. Farase unha reunión diferenciada para o alumnado de 2º EP e cursos inferiores, dado que a súa atención non se basea na aula virtual. Terase en conta a capacidade máxima de participantes nas aplicacións aportadas pola Consellería para videoconferencias e, polo tanto, realizaranse tantas convocatorias como sexan necesarias

### **3. MEDIDAS PARA O REGRESO AS AULAS DESPOIS DUN ABROCHO.**

Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro, realizarase un proceso de retorno á actividade educativa ordinaria presencial.

### **4. PLANIFICACIÓN HORARIA DE TRABAJO DO PROFESORADO DO GRUPO CO ALUMNADO.**

#### **a) PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NO CASO DE PECHE PARCIAL.**

**HORA DE CONEXIÓN :** 10 minutos antes do comezo da clase

**PROCESO:** acceder á aula virtual, ó seu curso e aí figurará a ligazón a través da que ten que conectarse o alumno-a.

O titor-a informará á familia do alumnado das normas establecidas polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe, así como do control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos que realizará diariamente o profesor-a mediante as ferramentas habituais, e das súas consecuencias no proceso de avaliación que o equipo docente ten establecido na súa programación didáctica.

**TITORÍA FAMILIAS:** O horario de titoría para as familias será os luns de 16:00 a 17:00 horas.

**HORARIO CLASES:** Manterase o mesmo horario de materias que vén sendo habitual, en sesión docentes de 30 minutos e 20 de traballo individual.

**A primeira sesión comezará ás 9:00.**

#### **b) PROTOLO DE ACTUACIÓN NO CASO DE PECHE TOTAL.**

**HORA DE CONEXIÓN :** 10 minutos antes do comezo da clase

**PROCESO:** acceder á aula virtual, ó seu curso e aí figurará a ligazón a través da que ten que conectarse o alumno-a.

O titor-a informará á familia do alumnado das normas establecidas polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe, así como do control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos que realizará diariamente o profesor-a mediante as ferramentas habituais, e das súas consecuencias no proceso de avaliación que o equipo docente ten establecido na súa programación didáctica.

**TITORÍA FAMILIAS:** O horario de titoría para as familias será os luns de 16:00 a 17:00 horas.

**HORARIO CLASES:**

As clases comezarán ás 9:30 en sesión docentes de 30 minutos. O resto do horario dedicarase a traballo individual.

<b>3ºA</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
9:30-10:00	LINGUA GALEGA	MATE	MATE	MATE	MATE
10:00-10:30	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	LINGUA CASTELÁ	MÚSICA	LINGUA CASTELÁ
10:30-11:00	INGLÉS	LINGUA CASTELÁ	INGLÉS	LINGUA GALEGA	INGLÉS
11:00-11:30	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>
11:30-12:00	RELIXIÓN/VALORES	CIENCIAS NATURAIS	CIENCIAS SOCIAIS	EDUCACIÓN FÍSICA	EDUCACIÓN FÍSICA
12:00-12:30	CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS NATURAIS	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA GALEGA	PLÁSTICA

<b>3ºB</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
9:30-10:00	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA
10:00-10:30	LINGUA CASTELÁ	EDUCACIÓN FÍSICA	INGLÉS	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA
10:30-11:00	MÚSICA	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA	LENGUA CASTELÁ	EDUCACIÓN FÍSICA
11:00-11:30	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>
11:30-12:00	INGLÉS	CIENCIAS SOCIAIS	RELIXIÓN/VALORES	CIENCIAS NATURAIS	INGLÉS
12:00-12:30	CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA GALEGA	CIENCIAS NATURAIS	PLÁSTICA

<b>3º C</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
9:30-10:00	LENGUA	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	INGLÉS	MATEMÁTICAS
10:00-10:30	MÚSICA	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA GALEGA	LENGUA	LINGUA GALEGA
10:30-11:00	LENGUA	INGLÉS	LINGUA GALEGA	LENGUA	LINGUA GALEGA
11:00-11:30	<b>RECRO</b>	<b>RECRO</b>	<b>RECRO</b>	<b>RECRO</b>	<b>RECRO</b>
11:30-12:00	MATAMÁTICAS	CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS NATURAIS	CIENCIAS SOCIAIS	PLÁSTICA
12:00-12:30	CIENCIAS NATURAIS	EDUCACIÓN FÍSICA	INGLÉS	EDUCACIÓN FÍSICA	VALORES/RELIXIÓN

<b>4º A</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
9:30-10:00	LENGUA	MATEMÁTICAS	LENGUA	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA
10:00-10:30	LENGUA	INGLÉS	EDUCACIÓN FÍSICA	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA
10:30-11:00	C. DA NATUREZA	TALLER DE LINGUAS	C. DA NATUREZA	INGLÉS	MÚSICA
11:00-11:30	<b>RECRO</b>	<b>RECRO</b>	<b>RECRO</b>	<b>RECRO</b>	<b>RECRO</b>
11:30-12:00	LINGUA GALEGA	C. SOCIAIS	LINGUA GALEGA	LENGUA	RELIXIÓN /VALORES
12:00-12:30	INGLÉS	EDUCACIÓN FÍSICA	PLÁSTICA	C. SOCIAIS	MATEMÁTICAS

<b>4ºB</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
9:30- 10:00	L. CASTELÁ	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA	MÚSICA	INGLÉS
10:00-10:30	L. CASTELÁ	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA	INGLÉS	L. CASTELÁ
10:30-11:00	CIENCIAS SOCIAIS	EDUCACIÓN FÍSICA	CIENCIAS SOCIAIS	MATEMÁTICAS	CIENCIAS NATURAIS
11:00-11:30	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>
11:30-12:00	LINGUA GALEGA	L. CASTELÁ	INGLÉS	PLÁSTICA	EDUCACIÓN FÍSICA
12:00-12:30	LINGUA GALEGA	CIENCIAS NATURAIS	TALLER DE LINGUAS	RELIXIÓN/ VALORES	MATEMÁTICAS

<b>4ºC</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
9:30- 10:00	MÚSICA	EDUCACIÓN FÍSICA	LINGUA CASTELÁ	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA
10:00-10:30	INGLÉS	MATEMÁTICAS	LINGUA CASTELÁ	TALLER DE LINGUA	INGLÉS
10:30-11:00	CIENCIAS SOCIAIS	MATEMÁTICAS	CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS NATURAIS	CIENCIAS NATURAIS
11:00-11:30	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>
11:30-12:00	EDUCACIÓN FÍSICA	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA	EDUCACIÓN PLÁSTICA	MATEMÁTICAS
12:00-12:30	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA	INGLÉS	VALORES/ RELIXIÓN

5ºA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:00	EDUCACIÓN FÍSICA	MÚSICA	MATEMÁTICAS	EDUCACIÓN FÍSICA	MATEMÁTICAS
10:00-10:30	MATEMÁTICAS	INGLÉS	MATEMÁTICAS	INGLÉS	LINGUA GALEGA
10:30-11:00	MATEMÁTICAS	LINGUA CASTELÁ	LINGUA CASTELÁ	VALORES/RELIGIÓN	LINGUA GALEGA
11:00-11:30	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>
11:30-12:00	CIENCIAS NATURAIS	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA CASTELÁ	INGLÉS
12:00-12:30	CIENCIAS NATURAIS	LINGUA GALEGA	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA CASTELÁ	PLÁSTICA

5ºB	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:00	INGLÉS	INGLÉS	MATEMÁTICAS	LINGUA CASTELÁ	MATEMÁTICAS
10:00-10:30	MATEMÁTICAS	LINGUA CASTELÁ	MATEMÁTICAS	EDUCACIÓN FÍSICA	LINGUA GALEGA
10:30-11:00	MATEMÁTICAS	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA
11:00-11:30	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>
11:30-12:00	MÚSICA	CIENCIAS NATURAIS	EDUCACIÓN FÍSICA	INGLÉS	PLÁSTICA
12:00-12:30	CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS NATURAIS	LINGUA GALEGA	CIENCIAS SOCIAIS	RELIGIÓN/VALORES

<b>6ºA</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
9:30-10:00	MÚSICA	LINGUA GALEGA	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	INGLÉS
10:00-10:30	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS
10:30-11:00	EDUCACIÓN FÍSICA	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS NATURAI	LINGUA GALEGA
11:00-11:30	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>
11:30-12:00	CIENCIAS NATURAI	EDUCACIÓN FÍSICA	INGLÉS	CIENCIAS SOCIAIS	REFORZO LINGUAS
12:00-12:30	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS SOCIAIS	VALORES/ RELIXIÓN	INGLÉS	PLÁSTICA

<b>6ºB</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
9:30-10:00	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS
10:00-10:30	EDUCACIÓN FÍSICA	LINGUA CASTELÁ	LINGUA CASTELÁ	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA
10:30-11:00	LINGUA GALEGA	LINGUA GALEGA	CIENCIAS SOCIAIS	EDUCACIÓN FÍSICA	CIENCIAS NATURAI
11:00-11:30	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>
11:30-12:00	CIENCIAS SOCIAIS	RELIXIÓN/VALORES	CIENCIAS NATURAI	CIENCIAS SOCIAIS	PLÁSTICA
12:00-12:30	INGLÉS	INGLÉS	INGLÉS	TALLER DE LINGUAS	MÚSICA

<b>6º C</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
9:30-10:00	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	EDUCACIÓN FÍSICA
10:00-10:30	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA	INGLÉS	LINGUA GALEGA	MATEMÁTICAS
10:30-11:00	INGLÉS	INGLÉS	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS NATURAIS	LINGUA CASTELÁ
11:00-11:30	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>
11:30-12:00	LINGUA GALEGA	CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS	MÚSICA	CIENCIAS SOCIAIS
12:00-12:30	RELIGIÓN/ VALORES	CIENCIAS NATURAIS	EDUCACIÓN FÍSICA	TALLER DE LINGUA	PLÁSTICA

<b>EF (1º -3º)</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
9:30- 10:00					
10:00-10:30		3ºB			
10:30-11:00					3ºB
11:00- 11:30	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>
11:30- 12:00				3ºA	3ºA
12:00- 12:30		3ºC		3ºC	

<b>EF (5º a 6º)</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
9:30- 10:00	5ºA	4ºC		5ºA	6ºC
10:00-10:30	6ºB		4ºA	5ºB	
10:30-11:00	6ºA	4ºB		6ºB	
11:00- 11:30	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>
11:30- 12:00	4ºC	6ºA	5ºB		4ºB
12:00- 12:30		4ºA	6ºC		

<b>INGLÉS 3º-4º</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
9:30- 10:00				3ºC	4ºB
10:00-10:30		4ºA	3ºB	4ºB	
10:30-11:00	3ºA	3ºC	3ºA	4ºA	3ºA
11:00- 11:30	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>
11:30- 12:00	3ºB		4ºB		3ºB
12:00- 12:30	4ºA		3ºC		



<b>INGLÉS 5º-6º</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
9:30- 10:00	5ºB	5ºB			6ºA
10:00-10:30		5ºA	6ºC	5ºA	
10:30-11:00	6ºC	6ºC			
11:00- 11:30	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>
11:30- 12:00			6ºA	5ºB	5ºA
12:00- 12:30	6ºB	6ºB	6ºB	6ºA	

<b>MÚSICA 6º</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
9:30- 10:00	6ºA				
10:00-10:30					
10:30-11:00					
11:00- 11:30	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>
11:30- 12:00				6ºC	
12:00- 12:30					6ºB

<b>MÚSICA 1º a 5º</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
9:30- 10:00	4ºC	5ºA		4ºB	
10:00-10:30	3ºC			3ºA	
10:30-11:00	3ºB				4ºA
11:00- 11:30	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>
11:30- 12:00	5ºB				
12:00- 12:30					

<b>RELIXIÓN</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
9:30- 10:00					
10:00-10:30					
10:30-11:00				5ºA	
11:00- 11:30	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>	<b>RECREO</b>
11:30- 12:00	3ºA	6ºB	3ºB		4ºA
12:00- 12:30	6ºC			4ºB	5ºB

## **Anexo I**

### ***Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021***

*(Versión 2 novembro 2020)*

1. O centro educativo establecerá as medidas necesarias para garantir a continuidade do proceso educativo de xeito non presencial segundo o establecido neste Plan de Continxencia.
2. Para garantir a continuidade, o centro establecerá unha planificación horaria de traballo do profesorado do grupo co alumnado que reflicta o establecido no modo presencial de xeito que se manteña o vinculo co alumnado do xeito máis coherente posible tendo en conta o medio virtual no que se desenvolve, de acordo co previsto na *Resolución do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19..*
3. Os centros realizarán de xeito inmediato e periodicamente simulacións que permitan ter establecidos os protocolos de actuación no caso de peche. Neste proceso contarán coa apoio dos servizos da Rede de Formación Permanente do Profesorado e da inspección educativa.
4. Os centros comunicarán as familias a concreción do protocolo en caso de peche para que sexa coñecido e podan contribuír ao proceso educativo.
5. A concreción das necesidades de recursos para o ensino a distancia derivadas dunha situación de peche manterase debidamente actualizada en coordinación coa inspección educativa.
6. Para garantir o proceso, o profesorado que precise de formación básica necesaria deberá realizar de xeito inmediato unha formación facilitada polo

propio centro educativo ou polos servizos da Rede de Formación Permanente do Profesorado. Esta formación constitúe un dereito e unha obriga do profesorado, de acordo co establecido no artigo 102 da Lei Orgánica de Educación..

7. As tarefas para o alumnado asemellaranse o máis posible ao sistema presencial respectando seu dereito ao lecer e ao descanso.
8. O alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial, e, polo tanto, está obrigado participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento.
9. Durante o peche ou confinamento, sempre de acordo coas indicacións sanitarias derivadas da evolución epidemiolóxica, o profesorado poderá seguir o proceso educativo no seu centro educativo ou no seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo.
10. A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas institucionais tales como as aulas virtuais, Webex, etc.. O profesorado realizará o seguimento do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
11. Cando durante o peche ou confinamento parte do profesorado afectado se atope de baixa será o equipo docente (departamento, equipos de ciclo, etc) co apoio da persoa Coordinadora TIC /eDixgal quen dispoña provisionalmente de recursos formativos ao alumnado ata a incorporación de persoal de substitución ou a alta do/a docente. Poderá contarse, para este labor, co apoio das asesorías do Centros de Formación e Recursos (CFR) correspondente.
12. O mesmo día do peche:
  - a. a dirección do centro enviará unha comunicación a través de abalarMóbil e publicará unha nova na web do centro. Os centros concertados utilizarán a

canle de comunicación que, de acordo aos seus protocolos, veñan utilizando coas familias, ademais da publicación da nova na web do centro.

- b. o profesorado habilitará na aula virtual do centro os recursos e as actividades iniciais e trasladará orientación ás familias, especialmente para o alumando menor idade, a través da aplicación abalarMóbil ou a través da aula virtual. Para calquera dúbida ou consulta sobre a comunicación coas familias a través de abalarMóbil ou da aula virtual pode contactar coa asesoría Abalar de zona. Estes recursos poderán remitirse aos libros de texto, a fichas específicas e a actividades en liña, entre outros. Os centros concertados adaptarán estas instrucións aos seus recursos de comunicación e docencia on-line, de acordo co seu propio plan de continxencia.
13. Durante o peche ou confinamento o profesorado continuará co seu labor docente de acordo co previsto no apartado 30 do Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 ( Normas específicas relativas a metodoloxías na aula e programacións) e no apartado 3 das *Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato* (Programacións didácticas).
14. A atención ao alumnado que deba permanecer en illamento, mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro, responderá ao previsto con carácter xeral no artigo 25 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación así como no apartado 3 do Protocolo de atención educativa domiciliaria<sup>1</sup>.

---

1 Para aquel alumnado que, por motivos de saúde, non poida asistir ao centro educativo por un período de tempo continuado menor ao requirido para a solicitude de atención educativa domiciliaria, o

15. A actividade educativa durante o peche ou confinamento estará sometida aos principios xerais de inspección educativa previstos no Decreto 99/2004, do 21 de maio, polo que se regula a organización e o funcionamento da Inspección Educativa e o acceso ao corpo de inspectores de Educación na Comunidade Autónoma de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento, especialmente no relativo ao previsto nas aliñas a), b) c) e d) do Artigo 6, podendo requirir acceso aos servizos de auditoría e rexistro das citadas ferramentas de acordo co previsto nesta normativa.
16. Garantírase en todo momento a atención a diversidade do alumnado para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades, con especial atención ás adaptacións curriculares e aos protocolos de atención á diversidade, de ser o caso.
17. A administración educativa garantirá o dereito á educación e a súa equidade. A tal fin disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise de acordo co seguinte protocolo:
  - a. O mesmo día da corentena ou do peche os equipos directivos afrontarán cos seus propios recursos tecnolóxicos, no caso de dispoñer deles, as necesidades TIC máis perentorias do centro. Esta primeira intervención poderá ser apoiada polos CFR baixo a coordinación da xefatura territorial.
  - b. Unha vez atendidas as necesidades iniciais as direccións dos centros trasladarán con carácter de urxencia por correo electrónica á inspección educativa as necesidades priorizadas de equipos que quedaran sen cubrir. A inspección dará traslado destas necesidades aos servizos centrais para facilitar a súa cobertura inmediata.
  - c. Adoptaranse criterios unificados que dependerán da extensión e alcance do peche e, polo tanto, das necesidades en cada momento. Os

---

equipo docente correspondente (coordinado polo profesorado titor) elaborará unha proposta de actividades educativas. Esa proposta entregaráselle á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais ou gardadoras dese alumnado, para a súa realización pola alumna ou polo alumno e posterior devolución ao mesmo equipo.

equipamentos entregaranse ao centro educativo que será o responsable da organización da entrega ás familias e posterior recollida.

- d. Todas as familias que reciban equipamento público deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose do dito material segundo o modelo que se atopa dispoñible como Anexo II e que se atopa dispoñible no portal educativo. Aos efectos de axilizar o proceso ante un posible peche as direccións dos centros educativos recadarán de inmediato os documentos de cesión de equipamento debidamente asinados polas familias que puideran precisar este equipamento. Chegado o eventual peche darán traslado dos documentos de cesión asinados para a recepción do equipamentos correspondentes.
- e. O material solicitado aos servizos centrais será repartido coa máxima celeridade por AMTEGA.
- f. Unha vez superada a situación de confinamento ou peche o centro educativo, no prazo máximo de 3 días deberá recompilar todos os equipos cedidos para ser logo recollidos por AMTEGA.
- g. Cando foran repartidos todos os equipamentos necesarios e dispoñibles ás familias, organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias, no que se fará un repaso polo funcionamento da aula virtual e se resolverán dúbidas das familias. Para preparar esta reunión poderá contarse co apoio do CFR ou a asesoría Abalar. Farase unha reunión diferenciada para o alumnado de 2º EP e cursos inferiores, dado que a súa atención non se basea na aula virtual. Terase en conta a capacidade máxima de participantes nas aplicacións aportadas pola Consellería para videoconferencias e, polo tanto, realizaranse tantas convocatorias como sexan necesarias.

## Anexo II

Eu, D./Dña. \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_  
pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a \_\_\_\_\_ do  
centro educativo \_\_\_\_\_ recibín en  
réxime de préstamo o equipamento identificado máis abaixo para continuar o proceso formativo  
durante a vixencia das circunstancias excepcionais derivadas da pandemia por Covid-19.

Comprométome a usalo de forma responsable, a mantelo baixo a miña responsabilidade e  
coidado, a cumprir coas medidas de seguridade apropiadas e a devolvelo nas mesmas  
condicións en que me foi entregado.

EQUIPO	MODELO	N.º DE SERIE
--------	--------	--------------

### INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Centro educativo ao que se refire este documento
Finalidade do tratamento	Rexistro e acta de entrega de equipamento
Lexitimación do tratamento	O cumprimento dunha misión de interese público, o exercicio de poderes públicos, o cumprimento dunha obriga legal, segundo a normativa xeral e sectorial referida en <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e demais regulación concordante
Destinatarios do datos	Non se prevén comunicacións a terceiras persoas
Exercicio dos dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

E para que así conste, asino este documento

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

.....

Entregado ao centro educativo con data \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_





## **ANEXO II**

### **MODELO TAREFAS REALIZADAS PARA ENTREGAR EN XEFATURA DE ESTUDOS**

Conforme modelo anexo I. Pinchar [aquí](#) para acceder ó documento